



Concello de Cangas

XLIII TROFEO PEDESTRISMO CONCELLO DE CANGAS

Cangas, 31/10/2016

No día de hoxe, 31 de outubro, tivo lugar na Fundación Cangas Deporte a presentación do XLIII Trofeo Pedestrismo Concello de Cangas "Memorial Pepe Cordeiro".

Este evento, organizado polo Club de Atletismo Vila de Cangas en Colaboración co Concello de Cangas e a Fundación Cangas Deporte, levarase a cabo o domingo 4 de decembro, a partir das 10:00 horas.

Dúas serán as modalidades:

- Carreiras Menores: Avda. de Bueu, dende a altura da gasoleira Gasdoca ata a Avda. de Ourense, a altura do cruce con Aldea de Arriba, con saída-meta en Avda. Castelao.

10:00 horas	Benxamín	500m
10:15 horas	Alevín	1.000m
10:30 horas	Infantil	1.500m
10:45 horas	Minibenxamíns	250m
11:00 horas	Cadete (feminino)	2.000m
11:15 horas	Cadete (masculino)	3.000m
11:30 horas	Xuvenil - Junior (masculino e feminino)	6.000m

- Carreira Absoluta: Dende o Porto de Aldán ata as inmediacións do cruce da Aldea de Arriba e volta ata Cangas (Estación de Autobuses).

12:00 horas	Senior - Veteráns (masculino e feminino)	10.000m
-------------	--	---------

O percorrido será o mesmo que o do ano anterior e na carreira absoluta estarán sinalizados os km percorridos.

Nesta ocasión recupérase o premio en metálico para os 3 primeiros/as da categoría absoluta, premiados con 300, 200 e 100 € respectivamente.

A inscrición nas Carreiras menores será gratuíta, e na Carreira Absoluta terá un custo de 7€, máis 1 € polo aluguer do chip e 1€ opcional polo autobús (con saída da estación de autobuses de Cangas ás 10:15 e 10:30 horas). As inscricións levaranse a cabo na web www.championchipnorte.com ata o domingo 27 de novembro.



Concello de Cangas

O Concelleiro de Ensino e Deportes, Xoán Chillón, agradece a colaboración do club, destacando a relevancia deste evento no mundo do atletismo deportivo, e anima á poboación atlética de Cangas e da Comarca a participar neste "Memorial Pepe Cordeiro", que en edicións anteriores chegou aos 1000 inscritos.

Gabinete de comunicación